



PROTECCIÓN SOCIAL

12

María Bastida Domínguez

Profesora contratada doutora no Departamento de Organización de Empresas e Comercialización na Universidade de Santiago de Compostela

Santiago Lago Peñas

Catedrático de Economía Aplicada e director do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Alberto Vaquero García

Profesor titular de Economía Aplicada e membro do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Índice

Capítulo 12. PROTECCIÓN SOCIAL	3
12.1. Introducción.....	3
12.2. A protección social na Unión Europea. Análise xeral.....	3
12.3. Pensións contributivas da Seguridade Social: aspectos xerais	5
Pensións con complementos a mínimos.....	12
Análise por réximes	13
12.4. Análise dos datos sobre as pensións do sistema	15
12.4.1. Pensións de xubilación	15
12.4.2. Pensións de invalidez permanente	16
12.4.3. Pensións de viuvez	18
12.4.4. Pensións de orfandade.....	19
12.4.5. Pensións en favor de familiares	20
12.5. Outras prestacións	22
12.5.1. Prestacións de incapacidade temporal	22
12.5.2. Prestacións de maternidade, paternidade e por nacemento e coidado por fillos e fillas	22
12.5.3. Prestacións familiares por filla ou fillo a cargo	23
12.5.4. Prestacións por desemprego.....	24
12.6. Pensións de carácter non contributivo e asistencial.....	26
12.7. Dependencia	31

Capítulo 12. PROTECCIÓN SOCIAL

12.1. Introducción

Os sistemas de protección social posibilitan a cobertura ante continxencias como a inestabilidade no emprego, a enfermidade, a incapacidade ou morte (viuvez e orfandade). Ademais, nos Estados modernos, son un importante instrumento económico e social que permite a redistribución das rendas. En España temos, dunha parte, as pensións e prestacións do sistema de Seguridade Social, que conforman a vertente contributiva do sistema. Doutra, a denominada cobertura asistencial, configurada polas pensións non contributivas da Seguridade Social, a renda de integración social (RISGA), as prestacións derivadas da Lei de integración social das persoas con discapacidade (LISMI) e aquelas establecidas na Lei da dependencia. Así mesmo, en 2020 dáse un paso importante neste eido coa aprobación e aplicación dun ingreso mínimo vital (IMV) a nivel nacional.

En materia de pensións houbo cambios substanciais nos últimos anos. O máis importante foi o aprobado coa Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social. Esta normativa foi modificada polo Real decreto-lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral das persoas traballadoras de maior idade e promover o envellecemento activo. Finalmente, a última reforma do sistema de pensións é a partir da Lei 221/2021, de 28 de decembro, de garantía do poder adquisitivo das pensións e de outras medidas de reforzo para a sostibilidade financeira e social do sistema público de pensións. A partir desta norma procédese á revalorización das pensións segundo o IPC, revisións dos coeficientes redutores na xubilación anticipada voluntaria, amplíase a lista de causas extintivas por razóns obxectivas na xubilación anticipada voluntaria, introdúcense novos coeficientes redutores na xubilación anticipada involuntaria e derrógase o factor de sostibilidade. Así mesmo, esta pendente de aprobación o aumento do período de cálculo das pensións, un aumento das bases e pensións máximas, o mecanismo de equidade interxeneracional, un novo sistema de cotización dos autónomos e a reforma dos plans de pensións.

12.2. A protección social na Unión Europea. Análise xeral

Iníciase este capítulo analizando as grandes cifras de ingresos e gastos en protección social nos países da UE entre 2000 e 2019 (último dato dispoñible ao peche deste informe), a partir do sistema SEEPROS da Oficina Estatística da UE (Eurostat).

Nos cadros 12.1 e 12.2 sintetízase a evolución dos ingresos e gastos do total das funcións da protección social en relación co PIB, na UE28, UE27 e UE15 e por países. Comezando

polos ingresos, España presenta oscilacións anuais tras o forte incremento das contías de 2009 respecto a 2008 (máis de tres puntos), fundamentalmente pola caída do denominador provocada pola chamada Gran Recesión. Dende 2013 comeza a decrecer, ata chegar ao 22,4% en 2016. En 2017 e 2018 mantense en 22,5% e en 2019 acada o 23,6%. Neste ano a diferenza entre España e a UE27 é de 5,7 puntos (6,6 puntos en 2018).

No que atinxe aos gastos, España en 2019 está 4,0 puntos por baixo da media de UE27. En 2019 España dota o 24,1% do seu PIB para a protección social, cinco décimas máis que en 2017.

Cadro 12.1

Ingresos de protección social sobre o PIB na UE. 2000-2019

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
UE27	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	27,4	29,5	29,3	29,1	29,6	29,9	29,8	29,4	29,4	29,2	29,1	29,3
UE28	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	28,1	30,1	29,6	29,8	30,3	30,4	30,1	30,0	29,6	29,2	29,0	s/d
UE15	26,9	26,7	27,0	27,5	27,5	27,4	27,2	28,5	29,0	31,0	30,4	30,8	31,3	31,4	31,1	31,0	30,5	30,2	30,1	s/d
Bélxica	27,0	27,0	28,0	27,8	28,4	27,5	27,4	27,2	28,6	30,0	30,2	30,4	30,4	30,7	30,4	29,9	29,1	29,5	29,2	29,9
Bulgaria	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	15,0	14,0	14,2	15,7	17,7	17,6	17,5	17,7	19,2	20,1	19,0	18,4	18,3	18,1	18,2
Rep. Checa	17,7	17,6	18,2	18,2	17,6	17,8	17,8	18,3	18,3	19,7	19,9	20,0	20,3	20,7	20,3	19,5	19,3	19,3	19,9	20,2
Dinamarca	31,4	32,5	32,7	34,4	33,7	33,6	32,1	35,7	35,9	39,6	38,6	37,2	37,3	38,5	36,1	38,0	36,5	36,2	36,2	34,1
Alemaña	30,1	29,6	30,1	30,7	30,2	29,9	29,3	28,6	29,2	32,1	32,0	31,1	31,3	31,1	30,8	31,1	31,4	31,6	31,7	32,1
Estonia	13,6	12,8	12,4	12,3	12,7	12,2	11,8	11,7	14,4	18,5	17,2	15,4	14,7	14,4	14,4	15,7	16,0	15,6	15,9	16,1
Irlanda	18,0	18,6	18,7	19,2	19,5	19,7	19,9	20,9	23,5	26,0	27,1	26,1	25,5	24,4	22,3	16,9	16,9	16,3	16,0	15,0
Grecia	19,8	19,9	20,0	20,2	21,0	21,8	22,0	22,8	23,8	26,4	26,7	27,4	26,6	26,6	25,9	25,9	26,5	27,0	27,8	27,3
España	20,9	20,7	21,6	21,2	21,3	21,6	21,7	21,8	22,6	25,5	24,9	25,3	24,8	25,2	24,6	23,7	22,4	22,5	22,5	23,6
Francia	29,7	30,3	30,6	30,6	30,4	30,7	30,9	30,8	31,6	32,7	32,2	32,6	33,5	34,0	34,3	34,1	34,3	34,3	34,3	34,3
Croacia	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	20,3	22,5	22,7	22,4	23,1	23,0	23,4	23,4	23,4	23,1	23,2	23,4
Italia	24,4	24,5	24,8	24,5	25,6	25,6	25,8	26,1	26,7	28,3	28,9	28,5	29,4	30,2	30,6	30,5	30,1	29,6	29,7	30,1
Chipre	17,3	17,5	18,1	20,4	19,3	20,1	20,5	20,3	19,7	22,4	22,3	22,5	27,3	21,0	21,1	21,2	21,3	20,9	20,0	22,2
Letonia	15,4	14,6	13,9	13,5	13,1	13,1	13,3	12,8	13,2	16,8	18,0	15,3	14,2	14,5	14,5	14,9	15,1	14,8	15,4	15,8
Lituania	15,8	14,8	14,2	13,8	14,5	14,5	15,2	15,6	16,9	18,3	16,3	15,1	14,4	14,3	14,9	15,9	16,8	16,5	16,9	18,2
Luxemburgo	20,8	22,8	22,7	23,6	23,1	23,2	22,4	21,7	23,9	25,1	23,6	23,7	24,3	24,3	23,7	23,6	22,9	23,4	23,5	23,5
Hungría	19,9	19,8	20,4	20,3	20,1	20,9	23,2	23,7	24,0	27,0	25,1	21,2	20,8	21,3	20,3	19,1	18,6	17,9	17,4	16,2
Malta	16,5	17,2	17,4	17,2	17,7	17,6	17,7	17,7	17,9	19,3	18,9	18,8	18,7	18,3	17,8	16,4	16,4	15,7	15,3	15,4
Holanda	30,7	27,6	28,4	29,9	30,3	29,9	29,2	29,3	30,1	31,0	31,0	32,2	33,8	33,6	33,9	33,3	33,5	33,2	33,2	33,4
Austria	27,8	28,0	28,1	28,3	27,9	27,6	27,2	26,6	27,2	28,9	29,0	28,6	29,0	29,5	29,6	29,5	29,4	29,0	28,9	29,0
Polonia	19,8	21,4	21,4	21,1	20,2	20,3	20,1	19,1	19,2	19,6	18,8	18,8	18,3	19,8	19,3	19,7	20,8	20,4	19,7	21,3
Portugal	20,2	20,5	21,9	22,7	24,6	24,9	24,8	24,2	24,6	26,7	26,7	26,9	27,0	28,2	27,6	26,8	26,7	26,4	25,6	26,1
Romania	13,9	12,6	13,9	13,7	12,9	13,2	12,5	12,5	12,6	14,2	15,4	15,5	15,1	14,8	14,9	14,9	15,3	15,3	15,2	15,2
Eslovenia	23,3	23,5	23,7	23,3	22,9	23,0	22,2	21,4	21,6	24,1	24,2	24,3	24,6	24,6	24,2	23,4	22,8	22,3	22,0	22,2
Eslovaquia	19,0	18,9	19,1	18,0	17,0	16,8	17,6	17,3	17,3	19,7	19,8	19,3	19,4	18,8	19,4	18,6	19,2	19,3	18,3	19,2
Finlandia	27,5	27,6	28,2	28,4	28,4	28,5	28,8	27,8	28,7	31,5	31,7	31,1	32,1	32,6	33,1	32,6	32,6	31,2	30,8	30,8
Suecia	32,5	33,1	33,2	34,6	34,2	33,6	32,3	32,6	31,9	32,6	31,4	30,3	31,4	31,5	31,3	31,0	31,8	30,7	30,9	30,4
Reino Unido	23,9	23,9	23,3	24,8	24,8	25,0	24,7	31,8	31,6	34,1	30,9	33,8	34,1	32,9	31,9	32,5	30,5	29,5	28,6	s/d

Algúns datos son provisionais, poden existir diferencias con publicacións nacionais posteriores.

s/d: sen datos.

Fonte : Eurostat.

Cadro 12.2

Gastos de protección social sobre o PIB na UE 2000-2019

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
UE27	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	26,0	28,8	28,6	28,2	28,7	29,0	28,9	28,6	28,5	28,1	27,9	28,1
UE28	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	25,9	28,7	28,6	28,3	28,7	28,9	28,6	28,3	28,0	27,8	27,6	s/d
UE15	25,4	25,6	25,9	26,7	26,6	26,7	26,4	25,9	26,7	29,5	29,3	29,1	29,5	29,7	29,5	29,2	28,9	28,7	28,5	s/d
Bélxica	25,2	26,0	26,4	27,1	27,1	26,9	26,7	26,3	27,9	30,2	29,6	29,9	29,7	30,0	30,0	29,8	29,2	28,9	28,7	28,9
Bulgaria	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	14,6	13,8	13,4	14,7	16,1	17,1	16,5	16,5	17,6	18,4	17,7	17,4	16,9	16,9	16,6
Rep. Checa	17,9	17,7	18,5	18,5	17,7	17,8	17,5	17,5	17,8	19,9	19,8	19,9	20,3	19,9	19,5	18,8	18,7	18,3	18,5	18,9
Dinamarca	28,1	28,5	28,9	30,1	29,9	29,5	28,4	30,4	30,4	34,3	34,0	33,5	33,6	34,5	34,4	33,7	32,5	32,1	31,8	31,3
Alemaña	28,8	28,8	29,5	29,9	29,1	29,0	27,8	26,9	27,3	30,8	30,0	28,8	28,9	29,2	29,1	29,4	29,6	29,6	29,8	30,3
Estonia	13,8	13,0	12,6	12,5	12,9	12,4	12,0	11,9	14,6	18,7	17,4	15,5	14,9	14,8	14,8	16,0	16,4	16,0	16,4	16,3
Irlanda	15,2	15,8	16,4	16,7	17,3	17,2	17,5	18,1	20,9	24,7	25,2	24,7	24,2	23,0	21,2	16,1	15,9	14,9	14,2	13,6
Grecia	18,1	18,5	18,5	18,6	18,9	20,4	20,6	21,3	22,8	24,8	26,1	27,8	28,5	26,6	26,2	26,2	26,5	25,6	25,3	25,0
España	19,5	19,1	19,5	19,8	19,9	20,2	20,1	20,4	21,6	24,7	24,8	25,5	25,7	26,0	25,5	24,7	23,8	23,4	23,6	24,1
Francia	28,9	29,2	29,8	30,5	30,6	30,7	30,7	30,4	30,8	33,2	33,2	33,1	33,9	34,2	34,5	34,3	34,3	34,0	33,8	33,6
Croacia	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	18,8	21,0	21,2	21,0	21,6	21,3	21,8	21,8	21,9	21,5	21,6	21,8
Italia	23,5	23,6	24,1	24,5	24,7	25,0	25,3	25,3	26,3	28,4	28,4	28,1	28,9	29,4	29,6	29,7	29,2	28,9	28,8	29,3
Chipre	13,7	13,8	14,9	16,7	16,4	16,6	16,7	16,4	17,6	19,1	18,7	20,1	20,9	23,0	20,2	20,0	19,4	18,5	17,9	18,7
Letonia	15,3	14,5	13,8	13,3	12,6	12,2	11,9	10,6	12,1	16,7	18,0	15,1	14,2	14,5	14,5	14,8	14,9	14,7	15,2	15,7
Lituania	15,7	14,7	14,0	13,4	13,4	13,2	13,3	14,3	15,9	21,0	19,1	17,0	16,3	15,4	15,3	15,7	15,4	15,1	15,8	16,5
Luxemburgo	18,7	19,8	20,6	21,8	21,9	21,9	20,5	19,4	20,9	23,2	22,4	21,6	22,6	23,0	22,3	21,9	21,1	21,6	21,6	21,6
Hungría	19,6	19,1	20,1	20,9	20,4	21,4	21,9	22,1	22,3	22,7	22,4	21,5	21,2	20,7	19,7	19,0	18,8	18,2	17,6	16,7
Malta	16,5	17,2	17,4	17,2	17,7	17,6	17,7	17,7	18,0	19,3	18,9	18,8	18,7	18,3	17,8	16,4	16,4	15,7	15,3	15,4
Holanda	24,2	24,0	25,1	26,0	25,9	25,5	26,3	25,9	26,1	29,0	29,3	29,9	30,6	30,8	30,6	29,9	29,5	29,3	28,9	28,9
Austria	27,9	27,9	28,2	28,7	28,3	28,0	27,5	27,0	27,6	29,6	29,6	28,8	29,2	29,6	29,8	29,9	29,8	29,4	29,1	29,3
Polonia	19,6	20,9	21,0	20,9	20,3	20,0	19,7	18,4	19,4	20,3	19,7	18,7	18,9	19,7	19,4	19,4	21,0	20,2	19,7	21,3
Portugal	20,7	21,7	22,5	22,8	23,4	23,8	23,7	23,0	23,4	25,8	25,8	25,8	26,4	27,6	26,9	25,7	25,1	24,6	24,0	24,1
Romania	13,1	12,8	13,5	13,4	13,0	13,5	12,9	13,3	13,7	16,2	17,5	16,6	15,5	14,9	14,7	14,6	14,6	14,8	15,0	15,3
Eslovenia	23,8	23,9	24,0	23,3	22,9	22,7	22,4	21,0	21,0	23,7	24,4	24,4	24,7	24,6	23,9	23,8	23,2	22,6	22,0	22,2
Eslovaquia	19,1	18,7	18,8	18,0	16,8	16,1	16,0	15,7	15,7	18,4	18,1	17,7	17,8	18,2	18,4	18,0	18,4	18,2	18,0	17,9
Finlandia	24,3	24,1	24,9	25,5	25,6	25,5	25,3	24,4	25,0	28,9	29,1	28,7	29,9	31,0	31,7	31,8	31,6	30,6	30,1	30,0
Suecia	28,0	28,4	29,3	30,1	29,5	29,2	28,4	27,2	27,7	29,8	28,3	27,9	29,0	29,8	29,3	28,9	29,4	28,7	28,2	27,8
Reino Unido	23,3	23,8	23,0	25,1	25,4	26,1	26,1	24,7	25,5	28,2	28,5	28,6	28,6	28,0	27,2	27,3	25,9	26,3	25,7	s/d

Sen incluír gastos de funcionamento.

Algúns datos son provisionais, poden existir diferenzas con publicacións nacionais posteriores.

s/d: sen datos.

Fonte : Eurostat.

12.3. Pensións contributivas da Seguridade Social: aspectos xerais

Galicia é unha das CC. AA. con maior porcentaxe de pensionistas (cadro 12.3). Dende 2012, o número de pensionistas en Galicia supón unha porcentaxe preto do 8% do total, situándose en 2021 no 7,8%. Isto é unha ratio moi superior á participación da poboación galega no total do Estado (5,6%). En relación coa contía percibida, a pensión media en Galicia entre 2010 e 2021 incrementouse en 234,4 euros, mentres que a suba na media do Estado foi de 260,1 euros.

Cadro 12.3

Evolución das pensións do sistema. Por provincias.
Galicia/España. 1985/1990/2000/2006-2021

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1985						
Nº	161.300	100.700	88.400	130.800	481.200	5.396.600
Pensión media	159,34	148,20	221,41	156,74	154,54	171,52
1990						
Nº	189.100	111.800	98.500	125.900	525.300	6.102.100
Pensión media	246,69	220,36	353,99	236,60	234,09	267,23
2000						
Nº	243.300	124.200	109.800	190.100	667.400	7.598.900
Pensión media	418,63	358,57	471,96	408,65	394,06	471,30
2006						
Nº	260.256	122.267	109.531	205.444	697.498	8.165.336
Pensión media	565,82	480,39	471,96	562,39	535,10	641,86
2007						
Nº	263.032	121.961	109.261	208.191	702.445	8.273.939
Pensión media	594,13	504,06	495,64	590,83	562,19	673,69
2008						
Nº	266.666	121.635	109.016	211.222	708.539	8.390.796
Pensión media	634,15	537,10	529,46	631,98	600,73	719,68
2009						
Nº	270.228	121.116	109.084	214.494	714.922	8.531.935
Pensión media	664,93	562,30	553,95	662,39	629,85	754,06
2010						
Nº	273.418	120.690	109.113	217.770	720.992	8.671.018
Pensión media	688,68	580,52	571,20	685,66	651,88	779,49
2011						
Nº	276.696	120.482	109.133	221.241	727.552	8.805.164
Pensión media	711,85	598,94	588,87	709,95	674,13	804,96
2012						
Nº	279.809	119.822	108.911	224.175	732.717	8.919.997
Pensión media	734,39	618,76	606,79	733,62	696,28	829,79
2013						
Nº	283.282	119.700	108.932	227.200	739.114	9.065.830
Pensión media	759,44	639,57	626,24	759,18	720,32	856,37
2014						
Nº	286.603	119.553	109.308	230.567	746.031	9.201.080
Pensión media	773,99	650,92	636,22	773,47	733,92	871,01
2015						
Nº	289.275	118.995	109.191	233.266	750.727	9.304.555
Pensión media	788,85	662,99	646,93	788,28	748,08	886,80
2016						
Nº	291.929	118.313	109.096	235.533	754.873	9.409.174
Pensión media	804,34	675,47	657,63	803,39	762,64	903,56
2017						
Nº	294.307	117.516	108.946	237.939	758.708	9.514.801
Pensión media	819,71	689,69	670,25	818,44	777,71	920,60
2018						
Nº	296.378	116.989	108.629	239.966	761.963	9.622.519
Pensión media	842,08	710,17	689,70	840,61	799,64	944,69
2019						
Nº	298.826	116.400	108.301	242.931	767.634	9.801.379
Pensión media	884,44	753,55	732,09	886,12	845,90	995,76
2020						
Nº	300.098	115.459	107.066	243.469	766.272	9.809.019
Pensión Media	910,30	773,28	750,10	906,14	865,94	1.017,97
2021						
Nº	301.623	114.944	106.966	245.541	769.074	9.916.966
Pensión Media	930,62	794,42	768,86	926,04	886,30	1.039,54

Elaboración propia.

Números redondeados en centos, anos 1985,1990 e 2000. Medias anuais.

Pensión media en euros, a decembro de cada ano.

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Relación activos-pasivos

A relación activos-pasivos do sistema da Seguridade Social constitúe un indicador do fluxo traballo-prestacións públicas e de sostibilidade financeira do sistema. No cadro 12.4 inclúense os datos a nivel provincial, galego e para o conxunto do Estado.

Analizando a situación para Galicia, a relación entre persoas activas e pasivas na Seguridade Social non para de caer dende 2010 (1,81), situándose en 1,60 en 2021. Ademais, a situación por provincias é moi distinta. As que sistematicamente presentan un peor comportamento son Ourense e Lugo. Para 2021, a ratio en Ourense era de 1,21 e en

Lugo de 1,30. Este resultado contrasta co 1,78 de Pontevedra e o 1,70 da Coruña. A media estatal é de 2,34 (case o do dobre do resultado obtido para a provincia de Ourense).

Cadro 12.4

**Relación de activos/pasivos na Seguridade Social.
Galicia/España. 1985/1990/2000/2007-2021**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1985						
Activos	265,4	120,8	93,6	222,2	702,0	10.561,8
Pasivos	161,3	100,7	88,4	130,8	481,2	5.396,6
Proporción	1,65	1,20	1,06	1,70	1,46	1,96
1990						
Activos	301,2	116,4	95,7	255,6	768,9	12.513,9
Pasivos	189,1	118,0	98,5	125,9	525,3	6.102,1
Proporción	1,59	0,99	0,97	2,03	1,46	2,05
2000						
Activos	357,3	117,3	98,2	307,4	880,1	15.062,9
Pasivos	243,3	124,2	109,8	190,1	667,4	7.598,9
Proporción	1,47	0,94	0,89	1,62	1,32	1,98
2007						
Activos	443,3	132,4	111,3	383,2	1.070,2	19.152,3
Pasivos	263,0	122,0	109,3	208,2	702,4	8.273,9
Proporción	1,69	1,09	1,02	1,84	1,52	2,31
2008						
Activos	445,9	133,1	111,4	382,1	1.072,5	19.005,6
Pasivos	266,7	121,6	109,0	211,2	708,5	8.390,8
Proporción	1,67	1,09	1,02	1,81	1,51	2,27
2009						
Activos	431,4	129,0	108,2	361,1	1.029,6	17.916,8
Pasivos	270,2	121,1	109,1	214,5	714,9	8.531,9
Proporción	1,60	1,07	0,99	1,68	1,44	2,10
2010						
Activos	544,9	161,0	142,8	455,8	1.304,4	23.364,6
Pasivos	273,4	120,7	109,1	217,8	721,0	8.671,0
Proporción	1,99	1,33	1,31	2,09	1,81	2,69
2011						
Activos	551,1	161,8	144,8	458,7	1.316,6	23.434,1
Pasivos	276,7	120,5	109,1	221,2	727,6	8.805,2
Proporción	1,99	1,34	1,33	2,07	1,81	2,66
2012						
Activos	555,2	158,2	142,8	461,5	1.317,7	23.443,7
Pasivos	279,8	119,8	108,9	224,2	732,7	8.920,0
Proporción	1,98	1,32	1,31	2,06	1,80	2,63
2013						
Activos	543,0	158,0	136,6	453,3	1.290,9	23.190,1
Pasivos	283,3	119,7	108,9	227,2	739,1	9.065,8
Proporción	1,92	1,32	1,25	2,00	1,75	2,56
2014						
Activos	538,4	154,8	133,4	447,4	1.273,9	22.954,6
Pasivos	286,6	119,6	109,3	230,6	746,0	9.201,1
Proporción	1,88	1,29	1,22	1,94	1,71	2,49
2015						
Activos	532,7	154,9	133,4	439,8	1.260,7	22.922,0
Pasivos	289,3	119,0	109,2	233,3	750,7	9.304,6
Proporción	1,84	1,30	1,22	1,89	1,68	2,46
2016						
Activos	532,0	154,6	132,7	436,8	1.256,1	22.822,7
Pasivos	291,9	118,3	109,1	235,5	754,9	9.409,2
Proporción	1,82	1,31	1,22	1,85	1,66	2,43
2017						
Activos	530,7	152,1	131,2	434,3	1.248,3	22.741,7
Pasivos	294,3	117,5	108,9	237,9	758,7	9.514,8
Proporción	1,80	1,29	1,20	1,83	1,65	2,39
2018						
Activos	503,1	150,6	130,1	432,7	1.243,5	22.806,8
Pasivos	296,4	117,0	108,6	240,0	762,0	9.622,5
Proporción	1,70	1,29	1,20	1,80	1,63	2,37
2019						
Activos	531,0	147,8	128,5	433,7	1.241,1	23.027,1
Pasivos	298,8	116,4	108,3	242,9	767,6	9.801,4
Proporción	1,78	1,27	1,19	1,79	1,62	2,35
2020						
Activos	514,4	147,4	127,8	431,3	1.220,9	22.733,3
Pasivos	300,1	115,5	107,1	243,5	766,3	9.809,0
Proporción	1,71	1,28	1,19	1,77	1,59	2,32
2021						
Activos	512,5	150,0	129,4	436,3	1.228,2	23.203,2
Pasivos	301,6	114,9	107,0	245,5	769,1	9.917,0
Proporción	1,70	1,30	1,21	1,78	1,60	2,34

Elaboración propia.

Número de persoas en miles. Medias anuais.

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Altas iniciais e baixas

O cadro 12.5 reflicte as altas iniciais de pensións contributivas; e dicir, o número de prestacións ás que se lle recoñece o dereito por primeira vez, sen incluír as altas por traslado de provincia. O cadro 12.6 recolle as baixas por pasamento, por perda do dereito ou incomparecencia ao cobro durante catro meses consecutivos.

En 1992, primeiro ano considerado, as altas das pensións de xubilación en Galicia superan amplamente ás baixas (18.327 fronte 13.160). Entre 2010 e 2012 as baixas superan as altas. En 2013, as altas de pensións de xubilación superan as baixas en Galicia. Esta situación mantense ata 2014, para logo invertirse. En 2021, último ano dispoñible, as baixas das pensións de xubilación en Galicia (22.326) superan as altas (19.362).

Neste ano, as baixas de pensións de viuvez (10.352) son lixeiramente inferiores en Galicia ás altas (10.516). As cifras de altas e baixas de orfandade e en favor de familiares nese mesmo ano son de 2.062 e 472, respectivamente.

No que atinxe ás prestacións de invalidez, despois de se produciren máis baixas que altas durante boa parte do período de análise, como consecuencia da inclusión das persoas pensionistas de máis de 65 anos como titulares de pensións de xubilación, as baixas destas experimentan unha substancial diminución de máis das dúas terceiras partes. En 2021 producíronse 7.849 altas e 1.944 baixas nesta categoría.

O número total das altas iniciais de pensións en 2021 (39.789) aumentan en Galicia respecto a 2020 (36.057). En España tamén aumentan, dende as 531.873 en 2020 ás 582.647 en 2021.

Pontevedra é a provincia onde se acusa máis a diferenza entre altas e baixas en 2021: 13.250 altas e 11.339 baixas. A segunda é A Coruña (15.759 altas fronte a 13.924 baixas). En Lugo (5.675 altas e 6.086 baixas) e sobre todo, na provincia de Ourense (5.105 altas e 5.094 baixas) a relación garda un certo equilibrio.

Cadro 12.5

**Altas iniciais de pensións contributivas. Por provincias.
Galicia/España. 1992/2010-2021⁽¹⁾**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Xubilación						
1992	7.138	3.472	3.153	4.564	18.327	224.138
2010	8.058	2.465	2.397	6.734	19.654	288.172
2011	8.412	2.494	2.729	7.323	20.958	286.143
2012	8.907	2.453	2.615	7.341	21.316	308.400
2013	9.162	2.741	2.777	7.770	22.450	314.204
2014	9.045	2.662	2.649	7.399	21.755	298.496
2015	8.761	2.557	2.488	7.005	20.811	289.721
2016	8.710	2.507	2.457	7.019	20.693	307.511
2017	8.646	1.659	2.486	7.050	19.841	309.709
2018	8.995	2.676	2.610	7.404	21.685	328.159
2019	8.235	2.506	2.314	6.565	19.620	303.394
2020	7.397	2.492	2.153	6.123	18.165	285.870
2021	7.930	2.614	2.261	6.557	19.362	316.156
Invalidez						
1992	2.113	2.099	1.133	2.592	7.937	92.172
2010	2.798	1.013	1.002	2.762	7.575	90.949
2011	2.651	1.083	958	2.460	7.152	86.851
2012	2.541	1.111	951	2.109	6.712	84.136
2013	2.371	1.124	969	1.882	6.346	79.481
2014	2.035	1.205	1.123	1.782	6.145	81.573
2015	2.444	1.105	1.149	2.197	6.895	86.957
2016	2.521	958	1.206	2.380	7.065	89.674
2017	2.747	1.218	1.268	2.222	7.455	92.983
2018	2.517	1.052	1.106	2.038	6.713	91.532
2019	2.347	1.009	1.229	1.955	6.540	92.741
2020	2.167	972	894	2.196	6.229	77.417
2021	2.915	1.145	1.186	2.603	7.849	93.732
Viuvez						
1992	3.257	1.743	1.460	2.338	8.798	116.692
2010	3.862	1.712	1.515	2.981	10.070	127.439
2011	4.049	1.644	1.550	3.205	10.448	128.883
2012	4.017	1.633	1.533	3.221	10.404	131.978
2013	4.045	1.694	1.559	3.087	10.385	129.610
2014	4.166	1.697	1.443	3.027	10.333	129.705
2015	4.208	1.646	1.500	3.108	10.462	132.581
2016	4.151	1.669	1.373	3.146	10.339	130.831
2017	4.122	1.597	1.453	3.239	10.411	131.667
2018	4.283	1.583	1.444	3.211	10.521	135.000
2019	4.003	1.512	1.419	3.126	10.060	132.114
2020	3.838	1.551	1.453	3.007	9.849	140.362
2021	4.156	1.639	1.410	3.311	10.516	140.332
Orfandade e en favor de familiares						
1992	693	262	254	733	1.942	22.864
2010	720	297	243	690	1.950	27.538
2011	763	293	248	692	1.996	27.935
2012	794	262	281	687	2.024	29.984
2013	843	296	253	734	2.126	30.977
2014	937	276	236	785	2.234	32.669
2015	925	248	281	852	2.306	32.635
2016	860	306	261	792	2.219	32.743
2017	857	327	227	842	2.253	32.004
2018	804	319	265	736	2.124	31.595
2019	860	248	262	763	2.133	31.341
2020	661	261	212	680	1.814	28.194
2021	758	277	248	779	2.062	32.427
Total						
1992	13.201	7.576	6.000	10.227	37.004	455.866
2010	15.438	5.487	5.157	13.167	39.249	534.098
2011	15.875	5.514	5.485	13.680	40.554	529.812
2012	16.259	5.459	5.380	13.358	40.456	554.498
2013	16.421	5.855	5.558	13.473	41.307	554.172
2014	16.183	5.840	5.451	12.993	40.467	542.443
2015	16.338	5.556	5.418	13.162	40.474	541.894
2016	16.278	5.440	5.297	13.337	40.352	560.759
2017	16.372	5.801	5.434	13.353	40.960	566.363
2018	16.599	5.721	5.425	13.389	41.134	586.286
2019	15.445	5.275	5.224	12.409	38.353	559.590
2020	14.063	5.276	4.712	12.006	36.057	531.843
2021	15.759	5.675	5.105	13.250	39.789	582.647

Elaboración propia.

(1) Non incluídos os datos relativos ao réxime de traballadores/as do mar.

A partir de novembro de 1997 as pensións de invalidez permanente de beneficiarios/as de 65 anos e máis, agás as do SOVI figuran incluídas nas de xubilación.

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Cadro 12.6**Baixas de pensións contributivas. Por provincias.****Galicia/España. 1992/2010-2021⁽¹⁾**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Xubilación						
1992	5.032	2.779	2.643	2.706	13.160	142.039
2010	7.580	3.756	3.443	6.287	21.066	240.624
2011	7.721	3.764	3.471	6.451	21.407	245.951
2012	7.986	3.919	3.584	6.833	22.322	259.530
2013	8.285	3.950	3.452	6.600	22.287	256.718
2014	8.127	3.791	3.268	6.331	21.517	257.207
2015	8.805	4.175	3.630	6.892	23.502	277.366
2016	8.404	4.071	3.393	6.696	22.564	263.878
2017	8.432	4.003	3.332	6.756	22.523	268.294
2018	8.621	3.869	3.352	6.871	22.713	270.651
2019	8.285	3.758	3.330	6.617	21.990	267.547
2020	8.533	3.909	3.582	6.856	22.880	310.598
2021	8.546	3.788	3.159	6.833	22.326	282.156
Invalidez						
1992	1.426	1.909	1.005	1.828	6.168	65.547
2010	894	227	257	713	2.091	29.367
2011	931	248	236	894	2.309	29.241
2012	942	229	216	891	2.278	30.281
2013	799	255	216	784	2.054	29.060
2014	926	271	204	791	2.192	29.146
2015	896	281	275	757	2.209	29.023
2016	909	270	217	786	2.182	27.998
2017	929	267	238	814	2.248	28.478
2018	841	231	241	742	2.055	28.631
2019	747	243	209	761	1.960	28.345
2020	626	260	209	638	1.733	26.777
2021	701	259	242	742	1.944	28.323
Viuvez						
1992	1.728	1.060	885	1.103	4.776	64.972
2010	3.362	1.586	1.454	2.453	8.855	107.754
2011	3.278	1.695	1.480	2.518	8.971	110.629
2012	3.466	1.778	1.571	2.787	9.602	119.878
2013	3.599	1.679	1.489	2.631	9.398	115.345
2014	3.652	1.699	1.438	2.621	9.410	118.333
2015	4.028	1.934	1.695	3.092	10.749	134.287
2016	3.830	1.940	1.607	2.882	10.259	125.864
2017	3.864	1.953	1.572	2.856	10.245	130.298
2018	3.983	1.935	1.609	3.076	10.603	132.494
2019	3.912	1.766	1.643	3.076	10.397	129.805
2020	4.031	1.916	1.754	3.151	10.852	152.264
2021	3.955	1.829	1.478	3.090	10.352	132.359
Orfandade e en favor de familiares						
1992	603	182	186	540	1.511	21.228
2010	727	239	186	633	1.785	22.578
2011	653	216	223	631	1.723	23.324
2012	321	105	124	250	800	8.784
2013	362	123	124	254	863	9.265
2014	318	113	108	253	792	9.207
2015	736	221	215	704	1.876	27.452
2016	852	207	261	804	2.124	29.124
2017	877	243	229	776	2.125	29.343
2018	847	234	257	744	2.082	28.311
2019	839	229	258	714	2.040	27.343
2020	749	244	256	670	1.919	28.294
2021	722	210	215	674	472	26.924
Total						
1992	8.789	5.930	4.719	6.177	25.615	293.786
2010	12.563	5.808	5.340	10.086	33.797	400.323
2011	12.583	5.923	5.410	10.494	34.410	409.145
2012	12.715	6.031	5.495	10.761	35.002	418.473
2013	13.045	6.007	5.281	10.269	34.602	410.388
2014	13.023	5.874	5.018	9.996	33.911	413.893
2015	14.465	6.611	5.815	11.445	38.336	468.128
2016	13.995	6.488	5.478	11.168	37.129	446.864
2017	14.102	6.466	5.371	11.202	37.141	456.413
2018	14.292	6.269	5.459	11.433	37.453	460.087
2019	13.783	5.996	5.440	11.168	36.387	453.040
2020	13.939	6.329	5.801	11.315	37.384	517.924
2021	13.924	6.086	5.094	11.339	36.443	469.762

Elaboración propia.

(1) Non incluídos os datos relativos ao réxime de traballadores/as do mar.

A partir de novembro de 1997 as pensións de invalidez permanente de beneficiarios/as de 65 anos e máis, agás do SOVI, figuran incluídas nas de xubilación.

Fonte: INSS.

Media das pensións

No cadro 12.7 aparece o número de pensións e o seu importe medio por CC. AA. Do total das e dos 9.854.200 pensionistas en España en 2021, Galicia (766.700), representa o 7,8%, unha porcentaxe que supera en máis de dous puntos a participación da poboación galega sobre o total estatal (5,7 %).

O cadro 12.8 resume a evolución do importe mensual medio das pensións na comunidade autónoma dende 1985. Dende este ano, no que a diferenza do importe da pensión media

de Galicia respecto á media española era de 15,03 euros, ata os 153,39 euros de 2021, prodúcese ano tras ano unha maior diferenza na contía. De feito, Galicia é a comunidade autónoma con menor importe medio de pensións ata o ano 2014, momento en que Estremadura ocupa este derradeiro lugar. En 2021 foi o 85,2% da media estatal. No País Vasco foi un 124,1% da media estatal. A baixa contía media das pensións galegas explícase de xeito significativo polo peso que aínda teñen as pensións antigas do réxime especial agrario, de importe moito máis reducido que as do réxime xeral ou de autónomos (na actualidade xa están equiparadas). Neste senso, cómpre recordar que o réxime especial agrario integrouse no réxime especial de traballadores autónomos para as persoas traballadoras por conta propia e no réxime xeral para persoas traballadoras por conta allea en 2008 e 2012, respectivamente.

Cadro 12.7

Pensionos do sistema de Seguridade Social. Por comunidades autónomas. 1990/2000/2010-2021

	1990		2000		2010		2011		2012		2013		2014		2015		2016		2017		2018		2019		2020		2021	
	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾
Andalucía	938,0	252,8	1.199,3	437,4	1.379,3	715,7	1.399,9	736,8	1.417,6	757,4	1.443,0	778,8	1.468,7	789,4	1.486,7	800,4	1.505,2	813,1	1.526,1	826,6	1.546,0	846,6	1.568,2	887,6	1.581,7	905,2	1.597,0	925,1
Aragón	223,2	272,3	260,0	482,0	280,9	807,8	283,9	835,5	286,3	863,8	289,7	892,9	292,6	909,9	294,4	928,3	296,6	947,8	299,0	967,4	301,7	994,8	304,4	1.043,9	304,3	1.065,5	305,2	1.091,1
Asturias	240,5	319,6	283,2	575,1	294,7	930,9	296,1	958,8	297,1	984,7	298,3	1.012,3	299,5	1.028,8	300,2	1.048,0	300,7	1.066,7	301,0	1.085,6	301,6	1.113,3	302,3	1.168,5	301,0	1.191,2	300,3	1.216,2
Baleares	121,2	244,4	146,8	426,6	165,9	708,0	168,8	734,0	171,9	758,3	175,2	784,4	178,3	799,4	180,9	815,8	183,6	833,4	186,2	851,5	188,8	874,9	192,1	916,7	195,0	937,8	198,5	961,8
Canarias	151,4	258,7	201,3	444,5	253,9	732,2	260,9	755,2	267,9	777,7	275,7	801,0	283,7	811,7	291,5	823,1	299,6	835,4	308,2	848,1	316,3	867,7	325,2	908,6	332,1	926,1	339,5	944,7
Cantabria	101,3	274,9	120,0	486,9	130,7	811,2	132,0	837,9	133,0	863,5	134,3	891,4	135,5	909,1	136,2	927,1	137,4	946,7	138,7	966,7	139,8	993,9	141,3	1.044,1	141,8	1.067,5	142,9	1.092,2
Castela e León	479,3	263,4	561,9	455,4	586,8	757,9	589,9	782,7	592,1	808,6	596,4	836,1	600,6	851,9	603,1	869,1	605,6	887,2	608,2	905,4	611,2	930,7	614,3	978,8	612,7	1.001,7	613,9	1.027,2
Castela A Mancha	257,4	252,3	312,4	433,4	340,4	728,5	344,7	751,2	348,0	775,0	352,9	798,8	357,6	809,6	360,9	821,7	364,1	834,9	367,2	849,4	370,4	870,7	374,0	914,1	374,5	933,7	377,5	955,5
Cataluña	1.071,4	270,1	1.335,1	484,3	1.550,7	803,8	1.578,4	831,0	1.602,1	857,0	1.630,0	885,2	1.651,6	901,0	1.668,6	918,4	1.685,3	937,0	1.701,6	956,0	1.717,1	981,1	1.734,8	1.026,9	1.736,9	1.048,6	1.742,5	1.073,4
C. Valenciana	597,5	245,2	739,4	423,3	879,8	715,3	895,6	739,0	909,2	762,5	923,8	787,7	937,8	802,1	947,6	816,9	958,0	832,3	968,1	848,0	979,2	870,0	992,3	912,5	1.000,4	931,8	1.008,4	953,1
Estremadura	158,8	245,0	192,9	405,3	206,7	664,8	208,5	684,2	210,0	704,4	213,4	723,9	216,5	732,6	218,5	742,4	221,0	753,4	223,4	765,7	225,7	784,6	228,2	824,8	229,3	841,9	230,8	861,1
Galicia	552,2	234,1	667,4	394,1	721,0	651,9	727,6	674,1	732,7	696,3	739,1	720,3	746,0	733,9	750,7	748,1	754,9	762,6	758,7	777,7	762,0	798,6	765,5	840,3	765,0	859,6	766,7	880,6
Madrid	581,5	306,9	790,4	558,6	965,3	922,4	990,4	953,4	1.011,5	982,0	1.038,0	1.013,4	1.062,7	1.030,9	1.083,9	1.049,4	1.104,5	1.068,8	1.123,8	1.087,6	1.145,6	1.114,5	1.167,3	1.165,2	1.172,3	1.188,3	1.186,0	1.212,9
Murcia	159,1	245,9	194,7	420,6	222,4	687,1	226,4	709,5	229,1	731,0	233,1	755,4	236,5	767,8	239,1	781,0	241,3	794,5	243,5	809,2	245,4	829,8	248,2	872,2	249,8	891,4	251,9	913,2
Navarra	79,0	286,4	99,8	514,2	119,3	879,4	121,2	910,7	123,1	941,5	125,4	973,5	127,6	992,1	129,3	1.013,2	131,0	1.035,0	133,0	1.056,9	135,0	1.086,3	136,9	1.138,4	137,5	1.162,1	139,3	1.188,1
País Vasco	331,4	320,8	423,8	594,5	494,8	966,1	501,8	995,7	508,2	1.024,8	516,6	1.057,3	523,9	1.076,6	530,2	1.098,2	536,7	1.120,5	543,7	1.142,6	551,3	1.173,8	558,5	1.231,5	560,9	1.255,9	565,4	1.283,1
A Rixa	48,0	256,8	56,6	452,1	63,6	744,6	64,3	769,7	64,9	794,7	65,7	821,9	66,5	839,5	67,0	857,6	67,6	876,4	68,3	894,9	69,0	921,1	69,8	967,9	70,2	990,6	71,0	1.016,3
Ceuta e Melilla	11,0	288,6	13,8	504,0	14,8	801,3	15,0	820,4	15,1	838,9	15,4	856,6	15,6	864,4	15,8	874,9	16,0	886,9	16,2	898,8	16,4	920,6	16,7	969,6	16,8	994,2	17,0	2.038,0
España	6.102,1	267,2	7.598,8	468,2	8.671,0	779,5	8.805,2	805,0	8.920,0	829,8	9.065,8	856,4	9.201,1	871,0	9.304,6	886,8	9.409,2	903,6	9.514,8	920,6	9.622,5	944,7	9.740,1	990,5	9.782,3	1.011,0	9.854,2	1.034,0

Elaboración propia.
Números en miles. Medias anuais.
(1) Contía mensual. Medias anuais en euros.
Fonte: INSS.

Cadro 12.8

Evolución do importe medio das pensións do sistema da Seguridade Social. Por comunidades autónomas. 1985/1989/2000-2021

	1985	1989	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Andalucía	159,87	222,37	437,54	461,60	480,45	504,65	530,81	561,90	592,91	621,84	663,13	693,53	715,64	736,82	757,4	778,8	789,4	800,4	813,1	826,6	846,6	887,6	905,2	925,1
Aragón	171,29	239,20	482,01	509,31	532,17	560,54	592,83	627,95	661,03	695,32	744,03	780,79	807,79	835,50	863,8	892,9	909,9	928,3	947,8	967,4	994,8	1.043,9	1.065,5	1.091,1
Asturias	200,74	284,28	575,17	606,27	628,19	661,45	700,04	738,74	777,87	814,61	865,70	903,27	930,86	958,82	984,7	1.012,3	1.028,8	1.048,0	1.066,7	1.085,6	1.113,3	1.168,5	1.191,2	1.216,2
Baleares	158,67	217,57	426,72	450,01	469,24	493,89	521,59	551,09	580,54	609,20	651,26	683,40	707,95	733,95	758,3	784,4	799,4	815,8	833,4	851,5	874,9	916,7	937,8	961,8
Canarias	164,68	229,59	444,75	468,90	487,94	512,67	539,94	571,26	602,80	632,63	675,82	708,27	732,16	755,20	777,7	801,0	811,7	823,1	835,4	848,1	867,7	908,6	926,1	944,7
Cantabria	174,29	243,41	486,82	515,40	537,14	566,34	599,92	633,82	666,31	700,28	748,52	784,35	811,17	837,86	863,5	891,4	909,1	927,1	946,7	966,7	993,9	1.044,1	1.067,5	1.092,2
Castela e León	164,68	230,19	455,57	480,94	501,05	526,41	554,23	587,26	620,11	651,26	696,06	731,42	757,87	782,69	808,6	836,1	851,9	869,1	887,2	905,4	870,7	914,1	1.001,7	1.027,2
Castela A Mancha	161,67	225,38	433,33	456,97	475,43	499,05	523,74	556,63	590,52	622,51	667,79	702,46	728,49	751,23	775,0	798,8	809,6	821,7	834,9	849,4	930,7	978,8	933,7	955,5
Cataluña	171,89	239,20	484,42	511,83	535,33	564,48	597,71	630,94	661,52	694,25	742,80	777,76	803,81	830,96	857,0	885,2	901,0	918,4	937,0	956,0	981,1	1.026,9	1.048,6	1.073,4
C. Valenciana	155,66	216,36	432,13	456,73	478,17	501,13	528,99	559,34	586,98	616,45	658,93	691,18	715,27	738,95	762,5	787,7	802,1	816,9	832,3	848,0	870,0	912,5	931,8	953,1
Extremadura	153,86	215,76	405,08	426,20	442,30	463,14	484,44	513,80	544,26	572,13	611,84	642,06	664,75	684,17	704,4	723,9	732,6	742,4	753,4	765,7	784,6	824,8	841,9	861,1
Galicia	153,26	207,85	394,26	415,45	432,38	454,43	478,26	506,23	535,10	562,19	600,73	629,85	651,88	674,13	696,3	720,3	733,9	748,1	762,6	777,7	799,6	840,3	859,6	880,6
Madrid	189,92	280,07	558,34	591,44	616,75	649,37	687,47	726,13	762,83	799,39	852,79	892,78	922,37	953,43	982,0	1.013,4	1.030,9	1.049,4	1.068,8	1.087,6	1.114,5	1.165,2	1.188,3	1.212,9
Murcia	159,87	217,57	420,71	443,84	461,75	485,04	510,35	539,34	567,12	593,77	633,80	664,36	687,09	709,46	731,0	755,4	767,8	781,0	794,5	809,2	829,8	872,2	891,4	913,2
Navarra	176,70	251,22	513,87	545,89	570,90	602,61	639,44	679,36	718,08	755,56	808,54	849,52	879,42	910,65	941,5	973,5	992,1	1.013,2	1.035,0	1.056,9	1.086,3	1.138,4	1.162,1	1.188,1
País Vasco	195,93	280,67	540,31	629,29	655,51	691,17	733,16	771,82	806,10	843,02	898,27	938,44	966,11	995,68	1.024,8	1.057,3	1.076,7	1.098,2	1.120,5	1.142,6	1.173,8	1.231,5	1.255,9	1.283,1
A Rixa	159,87	226,58	451,96	478,55	499,06	524,40	552,05	583,42	612,55	642,78	686,52	719,75	744,64	769,74	794,7	821,9	839,5	857,6	876,4	894,9	921,1	967,9	990,6	1.016,3
Ceuta e Melilla ⁽¹⁾	177,90	254,23	504,25	532,85	555,21	583,13	613,37	646,60	679,80	704,50	751,00	780,40	801,33	819,01	837,5	855,1	863,0	873,4	885,4	897,6	919,5	968,3	994,2	2.038,0
España	168,28	236,80	468,19	497,89	518,89	546,04	576,57	609,75	641,86	673,99	719,68	754,06	779,49	804,96	828,8	856,4	871,0	886,9	903,6	920,6	947,7	990,5	1.011,0	1.030,4

Pensións con complementos a mínimos

Co obxecto de garantir un nivel mínimo de subsistencia ás persoas pensionistas, establécense unhas contías mínimas. Isto permite unha renda mínima, que procura evitar situacións de pobreza. As pensións contributivas cuxa contía fose a da pensión mínima poden ser complementadas, baixo o cumprimento de certos requisitos ata ese importe mínimo. Dentro das pensións contributivas caben varias modalidades: xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia.

Os cadros 12.9 e 12.10 mostran o número de pensións cos complementos a mínimos e co tanto por cento do total, por tipos de prestacións, para as catro provincias galegas, para o total do Estado e en porcentaxe por CC. AA. Para 2021, en orfandade máis da metade das pensións recoñecidas en Galicia, o 50,2%, benefíciase deste complemento e o 72,8% na modalidade de “en favor de familiares”. En xubilación, o número de pensións con complementos a mínimos é de 140.402, o 29,1% do total.

Por CC. AA, Galicia constitúe en porcentaxe a quinta que máis se beneficia deste complemento, por tras de Estremadura, Castela-A Mancha, Andalucía e Canarias, estando a súa porcentaxe 5,12 puntos por riba da media estatal.

Cadro 12.9

Pensións con complementos a mínimos. Galicia a decembro de 2021

	Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade		En favor de familiares		Total	
	Nº	% (*)	Nº	% (*)	Nº	% (*)	Nº	% (*)	Nº	% (*)	Nº	% (*)
A Coruña	3.698	14,28	51.008	26,91	21.871	29,38	4.415	47,40	1.665	68,01	82.657	27,40
Lugo	1.916	17,75	25.608	35,45	6.005	21,55	1.704	55,78	803	80,70	36.036	31,35
Ourense	2.069	18,76	25.286	37,72	7.788	31,27	1.656	59,55	1.042	85,83	37.841	35,38
Pontevedra	3.061	13,31	38.500	25,03	16.229	27,81	3.956	48,03	1.423	67,06	63.169	25,73
Galicia	10.744	15,19	140.402	29,09	51.893	27,96	11.731	50,16	4.933	72,77	219.703	28,57
España	138.730	14,55	1.297.910	20,87	634.556	26,91	150.873	44,09	22.964	51,86	2.245.033	22,64

